

Na tarde de hoxe tivemos a segunda reunión extraordinaria virtual en rede da **Xunta Autonómica de Directores e Directoras** de Centros de Ensino non Universitario co seguinte punto único na orde do día:

Seguimento das Instrucións da Xunta de Galicia en relación coa crise derivada do Covid-19.

Na devandita reunión a Conselleira de Educación explicou os acordos tomados na Conferencia Sectorial que tivo cos distintos representantes das comunidades autónomas e o MEC. Os acordos que afectan ao ensino primario son:

- **O curso non se da por finalizado**, sigue vixente o calendario escolar.
- **O 2º TRIMESTRE dáse por finalizado** na data da suspensión das clases e hai que proceder a súa avaliación
- A volta das vacacións de Semana Santa comeza o traballo da 3º trimestre.
- As **avaliacións diagnosticas** suspéndense neste curso
- Sobre as **oposicións** aprazase tomar decisión algunha ate a reunión da próxima semana.

Posteriormente o Director Xeral matizou estes acordos.

- A 2ª avaliación remata coa suspensión das clases. Queda pendente a avaliación “administrativa”: xuntanzas de avaliación, poñer notas e entrega ás familias.
- As xuntas de avaliación pódense facer de forma telemática. Non hai unha data limite para facelas.
- Non é unha urxencia poñer as notas pero non se aconsella alongarse no tempo.
- A 3ª avaliación comezará despois de Semana Santa, período de vacacións e non lectivo, de forma non presencial ata que se volva as aulas.
- As programacións do terceiro trimestre terán que revisarse co obxecto de seleccionar aqueles contidos e competencias prioritarios.
- O curso, a pesar das limitacións segue ata completarse os 175 días lectivos. Recordouse que o alumnado non está de vacacións.

Publicaranse unhas instrucións no que se abordaran todos estes aspectos.

Ao longo da reunión tamén se faláron doutros asuntos:

- Con respecto ao traballo do alumnado as opinións están polarizadas: por unha banda os que pensan que os nenos e nenas están sobrepasados de tarefas; e outros que din que non teñen nada que facer.
- Pídese as direccións que contribúan a rebaixar a tensión e que aconsellen dosificar as tarefas naqueles casos problemáticos. Estamos nunha situación e temos que adaptarnos ás dificultades.
- A Consellería está a traballar para dar unha resposta ao alumnado usuario de comedor escolar pertencente a familias de escasos recursos.
- ANTEGA segue a traballar para dotar de recursos que axuden a superar esta situación.

En próximos días, de forma oficial se informará ás direccións dos asuntos falados nesta reunión, quedando convocada a XAD a unha nova reunión o mércores 1 de abril.